

TRABALLO PARA REALIZAR ENTRE O 18 E O 25 DE MARZO

Cada alumno/a será responsable de ir realizando as seguintes tarefas. Non é obrigatorio entregalas agora, mais se alguén quere facelo pode envialas por correo para que sexan corrixidas pola docente. O correo de contacto é olalla.linhares@gmail.com.

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do seguinte texto:

Probablemente, dentro dunhas semanas, o contaxio do virus se vaia limitando e todo volva á normalidade. Isto é o desexable, pero non debería ser así. E non o digo polo contaxio, senón pola normalidade: porque a nosa normalidade dista moito de ser o desexable. Estámolo descubrindo co virus.

O coronavirus situounos ante un medo novo: o de expoñernos a cruzar subitamente a fronteira que nos converte en vítimas. Así é. Por increíble –e vergoñento– que pareza, nunca sentimos de verdade ese medo cando falamos de guerras, de migrantes, de náufragos, de enfermos de malaria ou de famentos; non sentimos tampouco ese medo cando falamos incluso de recortes, desafiuzamentos, suicidios, perda de conquistas e dereitos dentro das nosas propias patrias. Todas parecen cousas que lles suceden a outros, cousas que ocorren ao outro lado dunha tenue fronteira.

O coronavirus desatou o medo mostrándonos agora a fragilidade desa fronteira; e deixou á vista dúas lacras arraigadas a fondo na nosa sociedade, que deberían escribirse con maiúscula: a Hipocrisía e a Cegueira. Impórtannos os mortos cando somos nós: só entón os vemos de verdade.

O coronavirus estanos demostrando que o mundo debe deterse a afrontar os perigos. Que se pode parar. Que se poden emprender grandes e urxentes proxectos colectivos. E que, se non o fixemos, foi porque no quixemos. Porque, unha e outra vez, nos fixeron crer que era imposible. E porque preferimos crelo. Porque nin a nosa sociedade, nin os nosos gobernos, nin o noso sistema sentiron nunca o verdadeiro medo que os move a situarse á altura dos grandes retos, á altura da empatía e da solidariedade. Oxalá, en adiante, conscientes xa da fragilidade desa fronteira que nos separa da condición de vítimas, aprendamos do medo e decretemos, civilizadamente, o Estado de Alerta nas nosas vidas.

Pedro Olalla. Atenas, 15/3/2020 [fragmento traducido]

2. Fai un esquema sobre a obra de Rosalía de Castro. Debes incluír as súas obras en galego e en castelán, en verso e en prosa. Consulta, para iso, as páxinas 296 e 297 do libro de texto.

3. Elabora os teus apuntamentos sobre as obras rosalianas *Cantares gallegos* e *Follas novas* (páxinas 297-301 do libro). En cada unha debes facer unha introdución (ano de publicación, descrición xeral, motivación, recepción...) e despois referirte ao tema, á forma e á estrutura.

4. Elabora os teus apuntamentos sobre o galego de Rosalía (páxinas 302 e 303 do libro).